

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020246	IES Illa de Ons	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

A economía está presente en todos os aspectos da vida, de aí a importancia de que o alumnado adquira coñecementos económicos e financeiros que lle permitan estar informado, desenvolver un pensamento crítico e realizar unha adecuada xestión dos recursos individuais e colectivos, o que contribuirá a fomentar a mellora na súa calidade de vida, o progreso e o benestar social.

Na actualidade, a economía e as finanzas, ademais de dar a coñecer os elementos e as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias que derivan das decisións financeiras, proxectan valores relacionados con, entre outros, a solidariedade entre as persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos e da desigualdade. Neste sentido, desempeña un papel importante a presenza da persoa emprendedora, que integra, por unha banda, unha formación económica e financeira e, por outra, unha visión que a anima a buscar oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades detectadas na contorna, desenvolvendo estratexias para levar esas ideas á acción. Así, xera valor para os demais e innova e contribúe a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES Illa de Ons que cursa a materia de Economía e Emprendemento que se reparten en dous grupos. Economía e Emprendemento está exposta como materia opcional en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado conte cunha educación económica e financeira para desenvolverse, asumir riscos de maneira responsable na súa vida cotiá e xestionar e levar á acción de maneira viable proxectos vitais, profesionais e empresariais, se así o desexa; por outra, que o alumnado busque solucións innovadoras e valiosas para afrontar os retos propostos, a través de estratexias de xestión do coñecemento, do autocoñecemento e da colaboración cos demais.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descrición:

O currículo desta materia deséñase coa vista posta nos obxectivos fixados para a etapa de ensino secundario obrigatorio, contribuíndo a desenvolver no alumnado «o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación e o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades».

Desenvólvese a partir de aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado e está organizado ao redor duns obxectivos que tratan de:

1) Promover ese espírito proactivo, que ha de cristalizar nunha cultura de emprendemento persoal, social e empresarial máis áxil e innovadora. Para iso, é necesario que o alumnado realice unha análise precisa de si mesmo e, **c o n b a s e n e s t e a u t o c o ñ e c e m e n t o**, adquira formación e desenvolva habilidades persoais e sociais, asícomo estratexias necesarias para afrontar retos, xestionar a incerteza e tomar decisións adecuadas para levar o proxecto á realidade.

2) Comprender que a persoa emprendedora debe abrirse camiño nun contexto global cuxos elementos se relacionan entre si. Isto require explorar a contorna, analizando distintos ámbitos, entre outros, o social, o ambiental, o cultural, o artístico, o tecnolóxico e o empresarial, desde unha perspectiva económica, para identificar necesidades e oportunidades que poidan xurdir, atopar os recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais necesarios e aplicarlos á realización dun proxecto persoal ou profesional con visión emprendedora.

3) Transferir as aprendizaxes a un plano práctico desenvolvendo un proxecto que abarque todo o proceso, desde a ideación ata a elaboración do prototipo final e a presentación deste na contorna, entendendo que o prototipo pode ser calquera resultado (un ben, un servizo ou un produto) que supoña unha solución innovadora e de valor.

Existe unha vinculación directa entre os obxectivos desta materia e os principios pedagóxicos da educación primaria, **c o n t i n u a n d o n o s t r e s p r i m e i r o s c u r s o s d a e d u c a c i ó n** secundaria obligatoria, no desenvolvemento das competencias clave e, de forma particular, da competencia emprendedora e da competencia persoal, social e de aprender a aprender. Ambas complementáanse achegando elementos que permiten definir o carácter da persoa emprendedora favorecendo, por unha banda, a adquisición de coñecementos relacionados coa planificación, xestión e execución de proxectos emprendedores e, por outra, potenciando o desenvolvemento de destrezas e actitudes para afrontar a incerteza, xestionar os conflitos, reflexionar de forma crítica, adoptar decisións éticas, colaborar en equipo e negociar.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á economía	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos. Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.	25	34	X		
2	Empresa e economía	A empresa e a súa contorna. Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna. O mercado. O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI. A organización da empresa. Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo. Inversión e financiamento. O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	35	36		X	
3	O proxecto emprendedor	O emprendemento. O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións. A idea de negocio. A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo. O proxecto emprendedor. Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica.	40	35		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á economía	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas. Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas.	PE	30
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Valora as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	TI	70
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Xestiona as súas emocións no traballo en grupo		
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Promove o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.		
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Ten ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna		
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Afronta os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións. - A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. - O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - O sistema financeiro. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe - Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

Contidos
- A visión emprendedora.

UD	Título da UD	Duración
2	Empresa e economía	36

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Ten principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns no traballo en equipo	TI	100
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Ten habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Pon en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora		
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Utiliza con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos nos distintos desafíos		
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Presenta e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Desenvolve unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades

Contidos
- emprendedoras. Funcións da empresa. - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos. - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
3	O proxecto emprendedor	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Parte do autocoñecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	TI	100
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Ten en conta nos distintos desafíos do proxecto emprendedor as fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.		
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Xestiona os tempos e cargas de traballos dos distintos desafíos do proxecto emprendedor		
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Ten habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil		
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Presenta os distintos retos propostos no proxecto emprendedor		
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Ten ideas creativas e sostibles na consecución dos distintos desafíos do proxecto emprendedor		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Comunica de xeito correcto as claves do proxecto emprendedor		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Presenta e expón con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas dos distintos retos do		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Adaptase a novos contextos na dinámica de traballo		
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Supera os retos propostos nos distintos desafíos do proxecto emprendedor		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Propón un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Utiliza con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características		
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Presenta e expón con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas presentadas no proxecto emprendedor		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Desenvolve unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Aplica no proxecto emprendedor os coñecementos económicos e financeiros necesarios.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Aplica no proxecto emprendedor os coñecementos económicos e financeiros necesarios.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Propón estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos no proxecto emprendedor		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Autoconfianza, autoconhecimento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.

Contidos

- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.
- Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.
- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.
- O reto ou o desafío como obxectivo.
- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.
- Desenvolvemento áxil do produto.
- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.
- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.
- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.
- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.
- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.
- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trátase de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporpanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promover a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportación do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Biblioteca.
Aula de informática.
Software específico libre.
Actividades complementarias.

Hoxe en día se conta cunha grande diversidade de recursos para empregarse na aula e que o docente pode ir intercambiando adaptándoos a cada momento ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un material de apoio ao profesorado e ao alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, debe considerarse máis ben unha guía de traballo pois non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía. Polo tanto, o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

O alumnado requerirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e ben presentado. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

Os libros de texto seguen a ser un importante apoio para o profesorado e para o alumnado como material de consulta, aclaratorio ou complementario. Nesta caso, os libros de texto da materia extraeranse do banco de recursos do centro ou da biblioteca. Ademais, consideramos que estes non deben determinar a función da persoa docente nin a súa metodoloxía, así o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Empregaranse de xeito prioritario os materiais elaborados pola persoa docente, mellor acomodados ás oportunidades que se presentan na aula, a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, realizar actividades interactivas...) que enriquezan a didáctica.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite á persoa docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliáveis, e comunicarse co alumnado, ademais de incluír numerosos recursos e ferramentas dixitais.

As novelas históricas, entre outros libros de lectura, adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa -ou xogos interactivos- de feitos económicos para ser empregados nalguna ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Hoxe en día o manexo das Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TAC) son necesarias, pois ofrecen moitas vantaxes. Con todo, a persoa docente será selectiva no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu

uso responsable.

É importante subliñar que o alumnado requere dun caderno de traballo ou portfolio onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo de cada estudante e do seu progreso.

O portfolio é un instrumento para o desenvolvemento e avaliación educativa, que consiste na achega de producións de diferente índole por parte do estudante a través das cales se poden xulgar os seus logros ou resultados de aprendizaxe no marco do desenvolvemento dunha materia de estudo. Consiste na recompilación e selección persoal de materiais escolares, de todos os documentos xerados no proceso educativo como son: exercicios corrixidos, esquemas, resumos, anotacións, pero tamén reflexións ou valoracións sobre contidos, memorias facilitadas polo docente, traballos realizados polo estudante e revisados polo docente, exames, corrección e/ou rúbricas de exames... nunha organización e elaboración autónoma, reveladora por iso da súa aprendizaxe, onde poderemos apreciar carencias e virtudes que habitualmente escápanse na aula.

O portfolio do estudante debe contemplar, polo tanto, todas e cada unha das actividades que realizan no transcurso do curso académico, traballos de clase, lecturas comprensivas, actividades adicionais como exames escritos e todo tipo de material que tanto profesorado como alumnado agreguen para a comprensión de contidos. Estes elementos permitirán xulgar os logros da aprendizaxe por parte dos estudantes nas nosas materias de estudo.

O departamento de Xeografía e Historia propón a elaboración, en paralelo co caderno de traballo do estudante, do portfolio virtual a través de Abalar Box e Agueiro.

Inicialmente capacitaremos aos estudantes sobre a creación do portfolio virtual en Abalar Box e Agueiro, explicando o seu funcionamento e principais prestacións, para a continuación explicar a súa organización:

- Cartafol do alumno ou alumna: nome completo e curso.
- Cartafol de tarefas: neste directorio estarán todas as tarefas enviadas aos estudantes no transcurso do curso.
- Cartafol de material didáctico: material utilizado polo alumnado na consecución de tarefas e asimilación de contidos da materia.
- Cartafol de prácticas na clase: recóllense todas as actividades realizadas e material de estudo en orde cronolóxica e en subcarpetas por unidades didácticas.
- Cartafol de información: Información formal da materia como a presentación, índice de contidos, instrumentos de avaliación.
- O portfolio do estudante será avaliado, seguindo as pautas de valoración que expoñemos no apartado de avaliación da presente programación. Este proceso realízase dunha forma áxil e precisa, xa que o estudante unicamente debe compartir o seu portfolio virtual á conta do docente, que terá acceso total ao directorio do estudante e poderá revisar dunha maneira adecuada cada unha das actividades realizadas polos estudantes no transcurso do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Esta proba servirá para promover a autoconciencia do estudante acerca de que (non) sabe, que se dispón a estudar, e de que aspectos que xa coñece lle van a servir para aprehendelo. Dita avaliación inicial consistirá en tarefas de diferente índole. Pode consistir nunha actividade formal ou un discurso interactivo, que deberá ter como eixe vertebrador as Competencias Clave (CC), así como os coñecementos nucleares e as destrezas instrumentais básicas da materia - máis que baseada en contidos ou conceptos básicos de cada curso-, non só pola súa pertinencia didáctica, senón tamén para que o alumnado comprenda e acepte a necesidade do adestramento en determinado tipo de actividades que lle axudarán a mellorar os seus coñecementos e destrezas (comprensión lectora, comunicación eficaz, selección e tratamento da información a partir de fontes textuais, gráficas e audiovisuais, pensamento crítico, etc).

Así mesmo, poderanse incluír ao comezo de cada tema tarefas que poidan ofrecer información diagnóstica respecto dos coñecementos previos do alumnado. Unha das vantaxes da avaliación diagnóstica deste tipo é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara os temas que se van traballar, permitindo así para cada unidade concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os/as estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación.

Por último, puntualizar que ditas tarefas ou probas iniciais poden ser valoradas numericamente, o mesmo que calquera outra actividade da unidade, formando parte así do computo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Proba escrita	30	0	0	8
Táboa de indicadores	70	100	100	92

Criterios de cualificación:

A avaliación do curso establece segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda, establece unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda, os instrumentos de avaliación réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a cualificación final resultará da media das tres avaliacións parciais, matizando a ponderación diferente en cada unha pola distribución crecente do seu peso ao longo do curso, nunha progresión de 25% na 1ª avaliación, 35% na 2ª avaliación e 40% na terceira avaliación e avaliación final.

A materia de Economía e Emprendemento distribúe os C.A. en 3 U.D. En cada unidade didáctica estableceuse o peso que se lle outorga a cada Criterio de Avaliación (C.A.) resultando que:

- a proba competencial, que poderá ser unha ou varias por avaliación e poderá ter un formato escrito, telemática ou en forma de proxecto, suma o 30% da nota total da unidade didáctica (30 puntos de 100).
- as probas de contidos mínimos, que poderán ser dúas ou tres por avaliacións, suman un 20% da nota total da unidade didáctica (20 puntos de 100).
- e a dinámica de aprendizaxe do alumnado, que inclúe de tres a catro desafíos do proxecto emprendedor por avaliacións, as tarefas elaboradas na aula, valoración do portfolio, etc. suma outro 50% da nota total da unidade didáctica (50 puntos de 100).

O novo marco legislativo, na que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliacións da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece a obrigatoriedade de considerar o grao de dominio das competencias do alumnado tanto na avaliación continua como nas avaliacións finais de cada etapa educativa. Esta debe estar integrada coa avaliación do contidos, pois ser competente supón «mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións formuladas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora». Á súa vez, ábrese a posibilidade de medir os niveis de desempeño das competencias a través de indicadores de logro, tales como rubricas ou escalas de avaliación. Neste senso, ao incluír na práctica de aula unha maior variedade de instrumentos de avaliación que a que ofrece esta plataforma no momento presente, todos os C.A. incorporan como instrumentos de avaliación as táboas de indicadores, que se usarán tanto para avaliar as probas competenciais, os desafíos do proxecto emprendedor, as tarefas elaboradas polo alumnado e o portfolio, entendendo este instrumento de forma ampla, dende listas de cotexo ou de verificación a rubricas, ambas fundamentadas nos descritores operativos das competencias.

As probas de carácter competencial terán como finalidade a demostración dos coñecementos e destrezas adquiridos a partir da identificación, análise e interpretación de diversas fontes, poñendo en práctica as competencias e metodoloxías propias da Economía e Emprendemento. Basearase, por tanto, na adquisición dos coñecementos nucleares, das destrezas instrumentais básicas do ámbito e da materia, e das competencias clave.

- A/s proba/s global de cada avaliación incluírá os contidos impartidos dende o comezo do curso ata o momento de realización da mesma.
- Teranse en conta os mínimos exixibles e as aprendizaxes imprescindibles, seleccionados a partir dos criterios de avaliación da materia
- Na cualificacións das respostas das probas competenciais teranse en conta, entre outros, os descritores

operativos das Competencias Clave correspondentes cos obxectivos a acadar, outorgando especial importancia á Competencia en Comunicación Lingüística (CCL) e a Competencia Cidadá (CC).

Coas probas de contidos, atendendo á dimensión histórica da materia, pretendemos que o alumnado asimile os datos e feitos históricos básicos e os coñecementos nucleares propios de cada curso, que se avaliarán mediante probas escritas e/ou telemáticas de resposta curta e/ou tipo test, tanto de resposta simple como múltiple.

- Os contidos das probas serán seleccionados a partir dos criterios de avaliación, dando prioridade aos contidos mínimos exixibles.

- Respecto á cualificación das preguntas de tipo test ou de resposta curta, cada resposta errada restará a metade da puntuación asignada a cada unha das respostas correctas, mentres que as preguntas non contestadas non se puntuarán.

- O/a estudante deberá acadar unha cualificación mínima de 1,05 puntos (o 35% da nota total das probas de contidos) para facer media nas avaliacións coa proba global competencial.

- Dinámica de aprendizaxe do alumnado e os desafíos do proxecto emprendedor. Ao tratarse dunha avaliación continua, observarase e valorarase de forma moi especial o traballo continuo (día a día), téndoo en conta á hora de cualificar ao alumnado, dende o comezo do curso, en todas as avaliacións.

- Puntuaranse os distintos retos que compoñen os diferentes desafíos do proxecto emprendedor a realizar tanto na clase como aquelas propostas para a súa realización na casa, cun mínimo de catro a seis revisións por avaliación. A/o docente deberá prever para cada unha destas actividades as destrezas e competencias que o alumnado porá en práctica en cada unha delas. A puntuación deste traballo diario leva implícita a valoración da participación activa do alumnado na aula cando as actividades ou postas en común así o requiran, así como o cumprimento coas datas propostas para a entrega das tarefas a través da aula virtual da materia.

- Na puntuación da dinámica de traballo do alumnado nos desafíos que compoñen o reto emprendedor contemplarase a progresión da aprendizaxe a través da cualificación dos seus desempeños a respecto dos indicadores de logro dos descritores operativos correspondentes ás Competencias Clave, especialmente a través da elaboración e entrega con carácter obrigatorio dun ou varios retos en cada avaliación.

- Ligado a esta valoración da dinámica de traballo diaria do alumnado, poderase levar a cabo a revisión do seu caderno e/ou portfolio na aula virtual da materia, co fin de comprobar o seguimento dos contidos, a súa corrección, a inclusión de anotacións significativas sobre información relevante aportada polo/a profesor/a de cara ás probas, os criterios de presentación que permitan un adecuado estudo ao alumno ou alumna; así como para detectar posibles dificultades que estean a interferir no seu proceso de aprendizaxe. Para acadar este obxectivo contéplanse tarefas de autoavaliación e metacognición de xeito pautado que permitirán á persoa docente comprobar as correccións dos erros, mellora na asimilación dos contidos, así como a autonomía e responsabilidade coa súa propia aprendizaxe por parte do alumnado.

- Lectura de libro/s. Dentro das actividades a desenvolver por parte do alumnado, o profesor ou profesora da materia poderá propoñer a lectura dun ou varios libros, que será/n puntuado/s mediante a realización dunha proba específica -escrita, oral ou coa presentación dun proxecto- baseada na comprensión lectora do mesmo.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Nota da proba/s competencial x 30)+ (Nota das probas de contidos x 20) + (Desafíos do proxecto emprendedor e retos da dinámica de aprendizaxe x50) / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase ás cualificacións aprobadas, é dicir, que teñan como resultado 5 ou máis puntos, o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 6 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poder poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación. No caso de que a cualificación final da avaliación sexa menor de 5 puntos -é dicir, suspenso-non se redondearán os decimais para acadar o aprobado (por exemplo, se un alumno/a obtén como cualificación final un 4,75 non se redondeará a cifra para acadar o 5).

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 25) + (Nota 2ª aval. x 35) + (Nota 3ª aval. x 40)] / 100.

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se poderán examinar todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Ao tratarse de avaliación continua o alumnado poderá recuperar os contidos e destrezas ao longo curso, a través das probas realizadas nas distintas avaliacións, que contan cunha ponderación progresiva ata acadar o 40% na 3ª avaliación.

A persoa docente poderá establecer diferentes medidas de reforzo para o alumnado que non acade o aprobado: realizará retroalimentacións formativas específicas, aconsellará a cada estudante sobre técnicas de estudo apropiadas ao seu estilo de aprendizaxe e necesidades e poderá atribuír tarefas de reforzo de realización exclusiva na aula coas escadas e guías pertinentes para o apoio á dinámica de aprendizaxe.

Non se establecerán diferenzas significativas entre o alumnado en funcións de si reciben ou non axuda pedagóxica fóra do horario lectivo, desbotándose, por tanto, as tradicionais fichas ou cadernos con tarefas de reforzo para entregar.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require

determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa da educación secundaria obrigatoria. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.	X	X	X
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	Finanzas para mortais (Plan Eduemprende), i-Comercio (Dirección xeral de Comercio e Consumo), Pon o teu diñeiro a salvo! (AFundación), As túas finanzas o teu futuro (Fundación Junior Achievement).		X	X
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	X
Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030.	Participación no programa Galicons-net, Plan Proxecta curso 2022/23.			X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real.

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.

Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Metodoloxía empregada
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquiredanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.
Medidas de atención á diversidade
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.
Clima de traballo na aula
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.

Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rubricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía. Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos..)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados